

ÁREA METROPOLITANA, TRANSPORTE METROPOLITANO E A "CURIOSA" INTERPRETACIÓN QUE O PARTIDO POPULAR FAI DAS SENTENZAS XUDICIAIS



Dende AER non damos entendido por que o goberno municipal do PP alardea coa recente resolución xudicial sobre Área Metropolitana, pois esta sentenza non suspende a constitución da Asemblea da Área Metropolitana polo problema do Transporte Metropolitano, se non polas ilegalidades/irregularidades na designación de representantes de Gondomar e Moaña que provoca que non sexa válida a mesa de idade e todo o posterior. Esta circunstancia pon de relevancia o erro neste senso cometido polo PSOE e BNG, pero sobre todo debería ser unha chamada de atención para os Secretarios deses Concellos que deron os informes favorables a esas designacións.

A sentenza, sobre o transporte metropolitano di ben claro: *"En realidade, el tenor de la Disposición Adicional 11 no supedita la constitución de la Asamblea del Área a dicho condicionante. La Ley no expresa que sólo se pueda convocarla asamblea constituyente una vez se haya producido la integración del transporte, y ello es lógico porque, ciertamente, algún órgano administrativo tendrá que constatar y advenir que ese requisito se ha cumplido, dando vía libre al funcionamiento de la institución, y ese órgano bien podría ser la propia Asamblea, una vez constituida válidamente por primera vez.*

Os membros do Partido Popular, aínda que si protestaron, non abandonaron a asemblea por estas designacións mal feitas, abandonaron a sesión, e incluso barallaron dous días antes non acudir a ela, porque consideraban que Vigo non estaba integrado no transporte. AER, que estivo alí ben presente, pode confirmalo. Posteriormente, un mes despois, si que comezan a pronunciarse sobre a ilegalidade das designacións na resolución da Xunta onde se denegou a inscrición da Área Metropolitana no Rexistro de Entidades Locais. Na propia acta certificada da asemblea constituínte recóllese: *"A presidencia da Mesa de Idade comunica á Asemblea a súa decisión de suspender a sesión dada a non incorporación do Concello de Vigo ao Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, feito que, ao seu xuízo, prexudica aos veciños de Salvaterra de Miño e doutros concellos da Área Metropolitana. Levántase da Mesa. "*

Dáse a "casualidade" de que o informe do Consello Consultivo da Xunta onde se avisa de que a asemblea debe suspenderse ata que se resolvan esas irregularidades, fíxose a petición do Concello de Vigo. Ao Partido Popular e á Xunta só lle preocupou pedir informe ao Consello Consultivo sobre a entrada do Transporte Metropolitano.

Axúntase enlace da nova onde os membros do PP aínda non sabían se ían acudir a asemblea:

<http://www.vigoalminuto.com/2016/11/28/alcaldes-del-pp-acusan-a-caballero-de-no-cumplir-con-su-firma-y-aplazan-la-decision-de-ir-o-no-a-la-constitucion-del-area-metropolitana/>

Enlace do propio Partido Popular onde o día da asemblea falan do abandono da sesión e só se fai referencia ao aspecto do transporte:

http://www.pppontevedra.com/index.php?option=com_content&view=article&id=292:os-concelleiros-do-partido-popular-acusan-a-caballero-de-incumplir-a-sua-palabra-e-de-discriminar-aos-vecinos-da-area-metropolitana&catid=10&Itemid=124

Curiosamente nesta semana o Partido Popular de Redondela a través da súa voceira, aparece na prensa criticando que a oposición reprobou ao alcalde e agora un xuíz dálle a razón.

<http://www.radioredondela.com/articulo.php?id=7336>

A continuación axúntase o enlace do vídeo da moción de reprobación de Bas onde en ningún momento nin Javier Bas nin Mari Carmen falan do nomeamento irregular, só xustifican que marcharon do pleno polo problema do transporte, onde o xuíz curiosamente non lles dá a razón:

<http://redondela.tv/5310/javier-bas-e-reprobado-javier-bas-no-pleno-por-abandonar-a-assembly-da-area-metropolitana/>